

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

CEIP Plurilingüe SOBREIRA- VALADARES

Curso 2015 – 2016



FACHADA PRINCIPAL DO COLEXIO.

ÍNDICE

1.- Obxectivos específicos para o curso académico	3
2.- Medidas a desenvolver para a súa consecución	4
3.- Recursos previstos para o efecto	4
4.- Concreción anual e Modificacións do PEC	5
5.- Estratexias metodolóxicas e organizativas de atención ao alumnado con NEAE	5
6.- Participación do profesorado do centro en programas de innovación educativa	7
7.- Libros de texto establecidos no centro	8
8.- Programa anual de actividades complementarias e extraescolares	10
9.- Plan de organización e coordinación das tarefas do persoal non docente	12
10.- Horario de atención ao público	13
11.- Plan para a potenciación e organización das relacións da comunidade coa familia	13
12.- Plan de transporte escolar	14
13.- Regulamento da organización do comedor	14
14.- Plan de utilización das instalacións do centro.	17
15.- Plan de actividades propostas pola ANPA	18
16.- Plan xeral de avaliación do centro	19
17.- Plan Anual de lectura (con referencia ao Proxecto lector de centro	19
18.- Pautas e criterios xerais sobre o uso das tarefas extraescolares	20
19.- Addenda do proxecto lingüístico	20
20.- Actividades para o fomento e dinamización da lingua galega	
21.- Plan de integración das TIC	22
22.- Guía de intervención para a mellora, elaborada a partir da análise dos resultados da avaliación de diagnóstico.	22
23.- Mecanismos de seguimento e avaliación do programa de plurilingüismo	23
24.- Mecanismos de seguimento e avaliación do auxiliar de conversa	23
25- Plan de Convivencia (concreción anual)	24

ANEXOS

<i>I.- Cadros de organización pedagóxica (Anexo)</i>	25
<i>II.- Plan de actuación dos órganos colexiados (Anexo)</i>	26
<i>III.- Plan de actuación do equipo directivo (Anexo)</i>	28
<i>IV.- Xornada escolar e horario do centro (Anexo)</i>	28
<i>V.- Quendas de vixilancia dos recreos (Anexo)</i>	30
<i>VI.- Programación e calendario das reunións dos órganos de goberno e dos órganos de coordinación docente (Anexo)</i>	30
<i>VII.- Plan de autoprotección en vixencia</i>	31

1.OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O CURSO 2015-16

Partindo do novo marco legal coa Lei Orgánica 2/2006 de Educación e o Decreto 130/2007, do 28 de xuño, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, establecemos os obxectivos específicos para o presente curso académico. Adquirindo unha gran importancia o desenvolvemento das competencias básicas nas distintas áreas de aprendizaxe, nas que priorizan os obxectivos e contidos que contribúen a súa consecución. Así mesmo, terá unha especial relevancia a atención a diversidade do alumnado e a prevención das dificultades de aprendizaxe.

- Establecer relacións cordiais e de mutua colaboración cos distintos organismos da contorna, ofrecéndonos para participar en propostas conxuntas.
- Establecer medidas que eviten, no centro, as desigualdades entre alumnos e alumnas sustentadas en crenzas, prexuízos, tradicións... que directa ou indirectamente, transmiten unha distribución estereotipada de papeis entre os sexos, ou unha imaxe de dominación dun sexo sobre o outro.
- Fomentar e incrementar o uso real, tanto oral como escrito do idioma galego no Centro e en toda a comunidade educativa.
- Potenciar e normalizar o uso da lingua estranxeira nas tarefas cotiás do centro, e aumentar o seu uso nas actividades interdisciplinares, aproveitando ao máximo os recursos humanos e materiais do que dispoñemos. Estimulando e motivando ao alumnado na competencia comunicativa de xeito lúdico.
- Centralizar as actividades arredor do Proxecto Documental Integrado: “Vivo Vigo con Leo”
- Seleccionar recursos educativos axeitados ás necesidades de cada aula, para incidir no modelo didáctico e na práctica docente.

2. MEDIDAS A DESENVOLVER PARA SÚA CONSECUCIÓN.

- Diseñar, dacordo cos distintos organismos, datas de reunións, conmemoracións e participación en actividades conxuntas que incrementen a sensación de pertenza a unha comunidade con identidade propia.
 - Programar actividades encamiñadas a fomentar o uso real da lingua galega.
- Levar a cabo actividades que axuden a incrementar o uso do inglés no Centro: cartelería, festival de inglés, “English corner”, exposicións da cultura inglesa e implantación do taller de oralidade en lingua inglesa nos cursos de 4º e 6º de Primaria.
- Participar en todas aquelas actividades complementarias axeitadas que oferten os distintos organismos educativos como, por exemplo, a solicitude de participación nas actividades de inmersión lingüística da Xunta de Galicia para alumnos de 5º e 6º de EP.
- Achega das mochilas viaxeiras ás familias ao longo de todo o curso.
- Realización de actividades lúdicas a favor do fomento da lectura: contacontos, murais, dramatizacións...
- Selección de recursos on-line axeitados á temporalización de contidos e ás necesidades de cada aula para colaborar na planificación de sesións das áreas das titorías na aula de informática.

3. RECURSOS PREVISTOS PARA O EFECTO.

RECURSOS PERSOAIS

- Equipo directivo e claustro.
- Departamento de orientación e claustro.
- Auxiliar de conversa.
- Mestres compartidos cos outros centros que posibilitan establecer canles eficaces.
- Especialistas de distintas materias pedagóxicas que serán convidados a dar charlas de formación no Centro
- Persoas destacadas do mundo das letras que serán convidados a colaborar no Centro
- Representantes da ANPA Sobreira cos que programar e dinamizar as actividades.
- Representantes doutros organismos, centros e entidades da zona.

RECURSOS MATERIAIS

- Instalacións do Centro e dos outros organismos (Instituto, Centros Culturais, escola banda de música...)
- Material bibliográfico.
- Aulas específicas para lingua inglesa de infantil e primaria.
- Medios audiovisuais e sala de informática
- Aula laboratorio con dotación material específica

4. CONCRECIÓN ANUAL e MODIFICACIÓN DO PROXECTO EDUCATIVO

Neste curso escolar traballaremos desde un proxecto común “Vivo Vigo Con Leo” para coñecer a contorna máis próxima.

Tentaremos destacar a biblioteca do centro como eixo vertebrador do curso, non so como fondo de recursos, senón coma dinamizadora das actividades e programacións didácticas.

Neste curso introduciremos as modificacións derivadas da posta en marcha da LOMCE nos cursos de 4º e 6º de EP. Polo que na Libre Configuración destes dous niveis impartirase reforzo da materia curricular de inglés. Escollimos esta materia para aproveitar ao máximo os recursos persoais dos que dispoñemos e dada a nosa condición de Centro plurilingüe.

Así mesmo, desaparece a sección bilingüe do curso anterior en “Arts 6º” xa que este curso o plan de plurilingüismo abrangue todos os niveis.

5. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS PARA A ATENCIÓN DO ALUMNADO CON NEAE.

- Planificar visitas periódicas ás aulas para identificar de maneira temperá ao alumnado con NEAE conxuntamente co profesorado especialista de Educación Especial e equipo de profesorado.
- Facilitar información ao profesorado sobre os seus alumnos e alumnas e asesorar aos titores como reflectir esta información por escrito, nos informes correspondentes.
- Diseñar os programas de intervención do alumnado con NEAE para a súa implementación modificando as medidas de apoio, se procede.
- Optimizar os recursos humanos e materiais do centro nos apoios.
- Asesorar na elaboración das diversas programacións didácticas e dos plans de convivencia, tecnoloxías da información e da comunicación, de lectura e de dinamización da lingua galega.

Referidas ao alumnado.

- Procurar o maior grao de inclusividade posible.
- Comezar polas medidas de atención a diversidade menos restrictivas (reforzo) e, se se esgota estas posibilidades; se procede, recurrir a ACS.
- Intervir canto antes e, na medida do posible, previr.
- Segundo a dificultade de aprendizaxe, realizar un reforzo ou utilizar métodos altamente especializados por especialistas implicando á comunidade escolar.
- Centrarse preferentemente nas tarefas propias das competencias que se desexan desenvolver..
- Estructurar o proceso de ensinanza/aprendizaxe nun contexto o máis significativo posible.
- Realizar unha atención o máis individualizada posible.
- Utilizar materiais, preferentemente diferentes aos utilizados inicialmente.

Referidas ao profesorado.

- Elaborar propostas ao Proxecto Educativo de Centro e aos documentos que o configuran.
- Coordinarse o Departamento de Orientación para chegar a acordos e solucións plausibles.
- Coordinarse a Comisión de Coordinación Pedagóxica no ámbito das súas competencias.
- Utilizar as reunións convocadas polo equipo directivo como oportunidade para asesorar aos docentes.
- Utilizar os proxectos, plans, concursos, etc. como medios para favorecer a innovación e a coordinación docente.
- Expresarse nun clima de respecto e distensión para favorecer as relacións sociais entre os diversos membros da comunidade educativa.
- Intervir nos conflitos fomentando a escoita activa e a chegada a acordos compartidos e negociados.
- Ofrecer ao profesorado as diversas posibilidades sobre a solución de problemas educativos facendo fincapé na que se considera máis axeitada.

Referidas ás familias.

- Asesorar sobre os seus fillos e fillas e facer fincapé na importancia que ten a familia como factor determinante e como posible axente de apoio.

6. PARTICIPACIÓN DO PROFESORADO EN PROGRAMAS DE INNOVACIÓN.

De xeito individual o profesorado ten solicitado a inscrición en diversos cursos ofertados polo CEFORE e outras entidades .

Como colectivo e con vistas a conseguir o PLAMBE, faremos un PFPP sobre formación en bibliotecas escolares con dous itinerarios coa implicación da maioría do profesorado

M ^a Dolores Puga Portabales	Curso de actualización lingüística e comunicativa CALC (inglés). Nivel B2. CFR Vigo
Ana M ^a Fernández Benítez Lorena Estévez Álvarez Juan Luís Iglesias Ferrón	Grupo de traballo: iniciación ao traballo cooperativo
Juan Luís Iglesias Ferrón	Contacontos como recurso na educación para a solidaridade e o desenvolvemento Implementación do Xadrez na aula. CFR Vigo
Lorena Estévez Álvarez	Foro: Emociona2 Inteligencia emocional para la convivencia. Formador de Centros a través do CFR
Ana M ^a Fernández Benítez	Foro: Emociona2
Mónica Rodríguez Ces, M ^a Pilar Rodríguez Alonso, Caridad Senra Gómez, Mercedes Costela Sobrino, Itziar Arenas Villarroel, Lorena Fernández Otero, María Sendón Lestón, Lorena Estévez Álvarez, Ana M ^a Fernández Benítez, Concepción Martínez Martí, M ^a Dolores Puga Portabales, Juan Luís Iglesias Ferrón, M ^a Isabel Juan Yenes, Mariana Covelo Figueiredo.	PFPP e grupo de traballo: Biblioteca escolar, alfabetizacións múltiples e aprendizaxe por proxectos

Todo o profesorado do claustro está pendente da concesión doutras actividades de formación.

7. LIBROS DE TEXTO ESTABLECIDOS NO CENTRO.

1º CURSO DE PRIMARIA

LENGUA CASTELLANA	1PRI LENGUA PRIMEROS PASOS. Pauta Mochila Ligera “Saber Hacer” SANTILLANA 972-84-680-1857-7
MATEMÁTICAS	Mate+: Matemáticas para pensar1 SANTILLANA 978-84-680-3274-0
LINGUA INGLESA	STUDENT’S BOOK. BEEP 1 ACTIVITY BOOK. BEEP 1 RICHMOND SANTILLANA 978-84-668-1463-8 978-84-668-1427-0
CIENCIAS SOCIAIS	SOCIAL SCIENCE 1 RICHMOND SANTILLANA 978-84-680-2859-0
CIENCIAS NATURAIS	NATURAL SCIENCE 1 RICHMOND SANTILLANA 978-84-680-8656-9

2º CURSO DE PRIMARIA

LENGUA CASTELLANA	Lecturas 2”12 Sorpresas”. Primaria SM 978-84-675-7913-0
MATEMÁTICAS	Mate+: Matemáticas para pensar2 Santillana 978-84-680-2545-2
LINGUA INGLESA	Student’s Book. BEEP 2 Activity Book. BEEP 2 Brenda Dunne / Robin Newton Richmond Santillana 978-84-668-1464-5 978-84-668-1428-7
CIENCIAS SOCIAIS	SOCIAL SCIENCE 2 Richmond Santillana 978-84-680-2863-7
CIENCIAS NATURAIS	NATURAL SCIENCE 2 Richmond Santillana 978-84-680-2745-6

3º CURSO DE PRIMARIA

LENGUA CASTELLANA	LENGUA 3 PRIMARIA. “SAVIA”. (Formato trimestral) S.M. 978-84-675-6995-7
LINGUA GALEGA	LINGUA GALEGA 3. SABER FACER SANTILLANA 978-84-997-2249-8
LINGUA INGLESA	STUDENT’S BOOK. BEEP 3 ACTIVITY BOOK. BEEP 3 RICHMOND SANTILLANA 978-84-668-1010-4 978-84-668-1011-1
MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS 3. SABER HACER SANTILLANA 978-84-680-1286-5
CIENCIAS SOCIAIS	CIENCIAS SOCIAIS 3º PRIMARIA. CELME S.M. 978-84-985-4426-8
CIENCIAS NATURAIS	CIENCIAS DA NATUREZA 3º PRIMARIA. CELME S.M. 978-84-985-4427-5
MÚSICA	Caderno Música 3 Primaria. “Os camiños do saber” Obradoiro Santillana 978-84-9972-188-0

4º CURSO DE PRIMARIA

LENGUA

CASTELLANA	LENGUA 4. PRIMARIA. "Savia_15". Trimestral	S.M.	978-84-675-7538-5
LINGUA GALEGA	LINGUA GALEGA 4. PRIMARIA "Proxecto Saber Facer". Trimestral	Santillana	978-84-997-2616-8
LINGUA INGLESA	STUDENT'S BOOK. BEEP 4 RICHMOND	SANTILLANA	978-84-668-1422-5
	ACTIVITY BOOK . BEEP 4		978-84-668-1458-4
MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS 4. "Proxecto Saber Hacer".	SANTILLANA	978-84-830-5609-7
CIENCIAS			
SOCIAIS	4º PRIMARIA CIENCIAS SOCIAIS integrado. CELME 15	S.M.	978-84-985-4527-2
CIENCIAS DA			
NATUREZA	4º PRIMARIA CIENCIAS DA NATUREZA integrado. CELME 15	S.M.	978-84-985-4528-9
MÚSICA	Caderno Música 4 Primaria. "Os camiños do saber"	Santillana	978-84-9972-193-4

5º CURSO DE PRIMARIA

LENGUA

CASTELLANA	Lengua 5. Aprender es crecer (Carmen Bello e outros)	ANAYA	978-84-678-3292-1
LINGUA GALEGA	Lingua 5 Primaria. Saber hacer (Teresa Broseta e outros)	SANTILLANA	978-84-997-2216-0
LINGUA INGLESA	BEEP 5º STUDENT'S BOOK . "BEEP 5"		
	ACTIVITY BOOK ."BEEP 5"	RICHMOND SANTILLANA	978-84-668-0278-9
			978-84-668-0858-3
MATEMÁTICAS	Matemáticas 5. Saber hacer (Pilar García e outros)	SANTILLANA	978-84-680-1066-3
CIENCIAS SOCIAIS	Ciencias Sociais 5. Celme (Ezequiel Parra e outros)	SM	978-84-985-4428-2
CIENCIAS DA NATUREZA	Ciencias da Natureza 5. Celme (Isabel Pueyo e outros)	SM	978-84-985-4424-4

6º CURSO DE PRIMARIA

LENGUA CASTELLANA	Lengua 6. Aprender es crecer	ANAYA	978-84-678-8183-7
LINGUA GALEGA	Lingua 6 Primaria. Saber hacer	SANTILLANA	978-84-997-2497-3
LINGUA INGLESA	BEEP 6º STUDENT'S BOOK . "BEEP 6"		
	ACTIVITY BOOK ."BEEP 6"	RICHMOND SANTILLANA	978-84-668-1521-4
			978-84-668-2363-7
MATEMÁTICAS	Matemáticas 6. Saber hacer	SANTILLANA	978-84-680-3033-3
CIENCIAS SOCIAIS	Ciencias Sociais 6. Celme	SM	978-84-985-4530-2
CIENCIAS DA NATUREZA	Ciencias da Natureza 6. Celme	SM	978-84-985-4560-9

8. PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

CONMEMORACIÓNS SINALADAS NO CALENDARIO ESCOLAR.

Durante o curso escolar celebraranse as conmemoracións das datas sinaladas pola Consellería no calendario escolar. Neste curso os distintos equipos de mestras, organizarán actividades para salientar a importancia das referidas conmemoracións:

EQUIPOS	CONMEMORACIÓN
Equipos de Infantil e Primaria	<ul style="list-style-type: none"> - <i>25 de novembro de 2014</i>: Día Internacional contra a Violencia de Xénero. - <i>Do 1 ao 11 de decembro de 2014</i>: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia. - <i>10 de decembro de 2014</i>: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos. - Desfile de entroido. - <i>8 de marzo de 2015</i>: Día Internacional da Muller Traballadora. - <i>15 de marzo de 2015</i>: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor. - <i>7 de abril de 2015</i>: Día Mundial da Saúde. - <i>9 de maio de 2015</i>: Día de Europa. - <i>5 de xuño de 2015</i>: Día Mundial do Ambiente.
EDLG	<ul style="list-style-type: none"> - <i>Magosto. Primeira/segunda semana de novembro.</i> - <i>Do 7 ao 17 de maio de 2015</i>: Semana das Letras Galegas.
TICs	<ul style="list-style-type: none"> - Entroido. - <i>5 de xuño de 2015</i>: Día Mundial do Ambiente
Biblioteca	<ul style="list-style-type: none"> - <i>Do 9 ao 13 de marzo de 2015</i>: Semana da Prensa. - <i>Entre o 13 e o 30 de abril de 2015</i>: Día do libro.
Convivencia	<ul style="list-style-type: none"> - Día da Paz, Nadal.

SAÍDAS E ACTIVIDADES PROPOSTAS POLOS EQUIPOS DE INFANTIL E PRIMARIA

- Servizo Normalización Lingüística. Concello de Vigo: Todos os niveis
- Obras de teatro Fundación ABanca: Todos os niveis
- Concerto didáctico Fundación ABanca: Todos os niveis
- Obradoiro CC Travesía (Sea to see): Infantil, 1º e 2º
- Biblioteca Central: Todos os niveis
- Visita ao estadio de Balaídos: Todos os niveis
- Visita estación de tren e viaxe en tren: Infantil, 1º e 2º
- Visita ao Supermercado (Alcampo): 1º, 2º e 3º
- Visita aos bombeiros de Vigo: 3º e 4º
- Visita ao aeroporto de Vigo: 5º e 6º
- Visita guiada á cidade (bus turístico): Todos os niveis
- Policía (perigos de internet e acoso escolar): 5º e 6º
- Obra de teatro, Campaña Impórtanos, Concello de Vigo: 1º e 2º
- Museo do Mar: 3º e 4º
- Taller Granxa Endesa Enerxía: 4º e 5º
- Camiña con Nós pola igualdade (Concello de Vigo): 2º, 4º e 6º
- Teatro en inglés: Todos os niveis
- Axencia Tributaria: 6º EP

Ao longo do curso, a xefatura de estudos e a mestra coordinadora destas actividades complementarias, estudarán as actividades que puideran xurdir, ofertadas por distintas entidades como o Concello de Vigo, Museo Liste, Verbum, MARCO, fundación Barrié... que se adapten ao desenvolvemento das programacións didácticas enriquecendo, significativamente o proceso de ensinanza-aprendizaxe. Así como charlas divulgativas e talleres específicos a cargo de membros da comunidade escolar

Tamén avaliarán as saídas ou excursións que puideran xurdir ao longo do curso, como resultado da participación do alumnado en concursos de entidades do ámbito cultural, social ou de defensa da natureza.

ACTIVIDADES DA HORTA ESCOLAR

O Centro conta cun invernadoiro e horta escolar onde se realizan distintas actividades. Cada titora programa e desenvolve as mesmas integrándoas na súa programación de aula.

9. PLAN DE ORGANIZACIÓN E COORDINACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE.

COIDADORA

- COIDADORA para alumna de 5º de Educ. Primaria e no horario de comedor, tamén atende a un alumno de 4º de Educ. Primaria.
- Persoal non docente da Xunta de Galicia, Consellería Educación
- Mª Jesús Fernández Pereira.

PORTEIRO – VIXIANTE

- D. JOSÉ RAMÓN CAPELO RODIÑO.
- Contratado polo Concello de Vigo por un período de seis meses.

O porteiro-vixiante desenvolverá as seguintes funcións:

- As que lle son propias, como empregada do Concello, e que están recollidas nas obrigas da porteira-vixiante en canto a mantemento da calefacción, auga...
- Custodiar a porta de entrada e atender ás persoas alleas ao centro.
- Abrir e pechar as outras portas nas horas de entrada e saída, así como a porta que comunica cos patios de recreo.
- Avisar de calquera incidencia no Centro
- Colaborar co equipo directivo nas funcións de conserxería que lle son propias.

AUXILIAR DE CONVERSA

- Catherine Sarah Shachtman

PERSOAL DE APOIO AO ALUMNADO NEAE

- Unha mestra especialista da ONCE

PERSOAL DE LIMPEZA.

Este servizo está contratado polo Concello e a súa obrigas recóllense no prego de condicións que entrega anualmente a empresa concesionaria LINORSA.

- SERVICIO DE LIMPEZA
- Contratado polo concello de Vigo.
- Empresa: LINORSA.LIMPEZAS DEL NOROESTE SL./RÚA DR GREGORIO MARAÑÓN 5 / Tf.: 986 230078 vigo
- Existe un proxecto e planificación do servizo de limpeza para o curso escolar.
- Composto por: 3 limpadoras:

PERSOAL COMEDOR

Desempeñan funcións de servizo e coidado do alumnado de comedor entre 14,15 h e 16:15h. Están contratadas por SERUNION a través dun consorcio con FOANPAS. Este curso contamos con catro coidadoras e unha educadora que ven só os luns e martes.

10. HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO

HORARIO DE TITORÍAS

- Martes de 17:45 a 18,45h. Atención ás familias.
- É fundamental concertar a cita coa mestra.
- Estas citas poderán establecerse noutros días de permanencia da mestra no Centro previo acordo mutuo. Recibirase ás familias na sala de espera da planta baixa.

HORARIO DE SECRETARÍA

- Todos os días de 9:15 a 10:00h. e de 13,30 a 14,15h.
- Martes de 17:45 a 18,45h.
- Solicitar documentación á primeira hora da mañá ou concertar cita telefónicamente.

11. PLAN DE POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS DA COMUNIDADE COA FAMILIA.

Un dos obxectivos prioritarios, contemplado no proxecto educativo deste centro, é potenciar as relacións coa comunidade e coas familias.

Estas relacións baséanse nas seguintes actuacións e proxectos:

COA COMUNIDADE:

- Manteranse contacto cos directores/as da zona para tratar os asuntos comúns (obras, festas, actividades, problemas...)
- Colaboración co IES VALADARES, onde remata o ensino obrigatorio do noso alumnado.
- Colaboración coa EEI ZAMÁNS, centro adscrito ao noso.
- Con calquera asociación, institución... que sexa de interese para a comunidade escolar.

COAS FAMILIAS:

- A colaboración familia-escola é fundamental para que a educación do alumnado sexa integral.
- Nos primeiros días de curso realizaranse reunións xerais cos pais/nais dos alumnos no que entregamos un “*boletín informativo*”, con información de horarios, calendario, normas, servizos...
- Celebraranse xuntanzas e entrevistas do profesorado cos pais e nais do alumnado.
- Mantemos coa ANPA, unha relación de colaboración permanente.

12. PLAN DE TRANSPORTE ESCOLAR

Calquer conflito relacionado co transporte escolar que tivera que ver co comportamento do alumnado resolverase conforme ao establecido no NOF.

O servizo está sendo realizado por tres autobuses que realizan as seguintes rutas:

RUTA Nº 1. RUTA DE ZAMÁNS

RUTA Nº 2. A GARRIDA

RUTA Nº 3. RUTA DA SOBREIRA.

Para as familias que así o soliciten, dispoñemos dun modelo de autorización que poderán presentar á empresa de autobuses conforme permiten que seu/súa fillo/-a (maior de 7 anos) pode ir sen acompañante para casa.

O interior do recinto escolar está acondicionado para a entrada e estacionamento dos autocares, que entrarán no centro cando se abran as portas ás 9.00 h. O profesorado de garda custodiará o alumnado transportado a partir desa hora. Os condutores deben facer as entradas e saídas con suma prudencia.

13. ORGANIZACIÓN e REGULAMENTO DO COMEDOR

O servizo de comedor para alumnos e alumnas do centro depende da ANPA (a través de FOANPAS) .

Funciona en réxime de catering a cargo de SERUNION.

Funciona entre as 14:15 e as 16:15 horas dende o inicio do curso ata o último día.

O coidado e vixilancia do alumnado corre a cargo de 4 monitores da propia empresa e unha educadora que só vén luns e martes. Durante este curso mantén unha media de 50 alumnos/as.

NORMATIVA.

A normativa do comedor está recollida nun Regulamento de Comedor, aprobado polo Consello Escolar do Centro

MODALIDADE

Baixo a tutela da ANPA e FOANPAS e control do Centro.

Modalidade de catering.

Empresa suministradora SERUNIÓN.

HORARIO

A prestación do servizo de comedor coincidirá co calendario lectivo do centro, en horario de 14,15 a 16,15 horas.

Incluirá os servizos de xantar e de atención ao alumnado nos períodos de tempo libre anterior e posterior ao mesmo.

PRAZAS

A capacidade actual do comedor non pode superar 62 nunha soa quenda.

COMENSAIS

- Alumnado que solicite a modalidade fixo ou esporádico, durante todo o curso escolar.
- Alumnado en situación socioeconómica desfavorable que sexa becado polo Concello.

SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN.

Os pais/nais ou representantes legais do alumnado poderán manifestar o seu desexo de utilizar o servizo de comedor facéndoo constar na solicitude de admisión da ANPA para o curso seguinte.

Poden ser CAUSAS DE EXCLUSIÓN DO SERVIZO DE COMEDOR:

- ⌘ A falta reiterada sen aviso.É obrigatorio comunicar antes das 09:30 a ausencia dun comensal ao telefono do Centro. Retrasos na recollida do neno/a sobre o horario previsto (máximo ás 16,15 horas).
- ⌘ Faltas de respecto e de comportamento documentadas.
- ⌘ Incumprimento da normativa xeral do Centro, especialmente a relacionada co respecto aos demais usuarios/as e ao persoal do comedor.
- ⌘ Negativa a asumir os gastos ocasionados polos usuarios/as como consecuencia do mal uso das instalacións e/ou dos utensilios postos á súa disposición.
- ⌘ Ter débedas coa ANPA .

PREZO DO COMEDOR.

O prezo do menú para os comensais fixos é de:

- Ⓣ 5 días semanais..... 53 €/mes
- Ⓣ 4 días semanais 44 €/mes
- Ⓣ 3 días semanais..... 34 €/mes Baremo mensual
- Ⓣ 2 días semanais..... 24 €/mes
- Ⓣ 1 día semanal13 €/mes

Precio do menú esporádico: 5 €.

Haberá que abonalo antes do día 12 de cada mes por adiantado.

AXUDAS

Pódense solicitar ao Concello de Vigo becas de comedor.

REGULAMENTO DO SERVIZO

- É obrigatorio ser socio da ANPA e ter suscrito o seguro de accidentes da mesma.
- É de obrigado cumprimento a asistencia todos os días que figuran na solicitude.
- As faltas de asistencia serán xustificadas e comunicadas antes das 09:30.
- O servizo de comedor remata as 16:15 horas. O horario de recollida dos comensais é de 15:30 a 16:15. A partir desta hora, pais, nais ou representantes legais faranse cargo dos comensais.

Os alumnos que marchen sós deberán contar coa correspondente autorización asinada.

Os pais/nais titores legais que autoricen a recollida do alumno por outra persoa deberán cumprimentar un impreso no que figure o autorizantes e os autorizados.

No caso de dietas deberá presentarse certificado médico no que se especifique o tipo de dieta necesaria (celíaca, lactosa,...). No caso de dietas complicadas os pais poderán pórse en contacto directamente coa persoa

responsable do comedor para informarse ou pedir unha rectificación do menú.

Ademais observaranse:

- *O alumnado non poderá traer bebidas nin comida ao comedor.
- *Cada neno/a farase responsable dos seus obxectos persoais.
- *Deberán obedecer e respectar as/os cuidadores do comedor.
- *Colocar a roupa e mochilas nas perchas e estantes correspondentes.
- *Lavar as mans.
- *Sentarse correctamente e esperar a que lles sirvan.
- *Comer todo e de todo.
- *Falar nun ton baixo e pedir con respecto o que necesiten.

*Non se poderá estar nos corredores nin nas aulas.

*Ao finalizar o horario de comedor, todos os nenos e nenas sairán de recinto escolar, agás os que queden a algunha das actividades extraescolares.

Co fin de traballar por unha axeitada Hixiene e Saúde Bucal-Dental, cada neno e nena deberá traer:

*Un neceser co seu nome.

*Un cepillo de dentes.

*Un tubo de pasta de dentes.

*Un vaso de plástico.

A persoa delegada da ANPA para comedor é: Dña. Rocio Blanco Baltar.

Ao inicio de curso entrégase aos comensais un Regulamento de Comedor.

- A solicitude do servizo supón o comezamento e a aceptación expresa de todos os apartados recollidos no presente regulamento
- Nº de comensais: oscila entre 46 e 62

14. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO.

Ademáis das actividades académicas, as instalacións serán utilizadas para as actividades que a Asociación de Nais e Pais de Alumnos do Centro organicen para os alumnos do mesmo

Para a utilización das instalacións do Centro por parte de entidades alleas á Comunidade Escolar, presentárase a solicitude diante da Dirección, que solicitará do Consello Escolar o preceptivo informe de acordo cos criterios de utilización destas instalacións que figuran no proxecto educativo do Centro para a súa posterior tramitación á Xefatura Territorial de Educación, que resolverá o que proceda.

Para o uso ocasional e con carácter excepcional, a Dirección poderá autorizar, previa solicitude cunha antelación mínima de tres días, a súa utilización, no marco das directrices fixadas polo Consello Escolar e sempre que non se altere o normal desenvolvemento das actividades docentes.

O profesorado do centro utilizará a sala de profesores ou audiovisuais para as actividades do Seminario Permanente.

15.PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA

ANPA

Ofértanselle ao alumnado fóra do horario escolar. O importe das actividades deberá abonarse na conta da ANPA. As actividades extraescolares da tarde están organizadas e contratadas pola ANPA do Centro.

Todas as tardes hai un mestre de garda no Centro, ao que lle corresponde a vixilancia e representación oficial do Colexio.

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
PISCINA 16,30-17,15	ÁBACO 16,00-17,30	TENIS 16,00-17,30	BAILE MODERNO 16,00-17,30	TAEKWONDO 16,00-17,30
XIM. ACROBÁTICA 16,00-17,30	PATINAXE 16,00-17,30	INGLÉS INFANTIL 16,00-17,00	REPOSTERÍA 16,00-17,30	CONSTRU- THECNIC 16,00-17,30
DEBUXO E PINTURA 16,00-17,30				BALLET 16,00-17,30

Na xuntanza ordinaria celebrada o 29 de maio do 2014 aprobáronse as seguintes normas:

- Os usuarios das actividades NON deben ter ningunha débeda ca Asociación para poder participar nas mesmas.
- Para darse de baixa nalgunha actividade débese avisar á ANPA antes do día 20 do mes anterior, se non deberase aboar o mes completo.

O igual que os dous anos anteriores a ANPA propón a realización da terceira acampada de convivencia , unha xornada na que familias e educadores xúntanse no recinto escolar a fin de curso.

16. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO.

- Con certa periodicidade, realizaranse reunións dos equipos de nivel na que se fará unha avaliación continua da evolución do alumnado.
- Trimestralmente realizarase unha sesión de avaliación para educ. infantil e outra para educ. primaria na que participarán todos os mestres que incidan en cada grupo, seguindo os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe que figuran en cada programación.

CALENDARIO DAS SESIÓNS TRIMESTRAIS DE AVALIACIÓN

1ª AVALIACIÓN: 14 e 15 de decembro.

2ª AVALIACIÓN: 14 e 15 de marzo.

3ª AVALIACIÓN: 13 e 14 de xuño.

17. PLAN ANUAL DE LECTURA (con referencia ao PROXECTO LECTOR DE CENTRO)

OBXECTIVOS para o curso 2015/16

1. Contribuir á mellora das habilidades de lectura e escritura, así como á adquisición de competencias no uso, tratamento e produción de información.
2. Fomentar a lectura mediante actividades feitas e promovidas dende a Biblioteca do Centro.
3. Potenciar a responsabilidade do alumnado no coidado e atención ao libro e ás bibliotecas de centro e de aula.

ACTIVIDADES

1. Préstamo de lotes de libros, de xeito mensual ou trimestral, para as bibliotecas de aula .
2. Uso da biblioteca de Centro segundo a folia de quendas para cada curso: unha sesión semanal a cargo do/a titor/a.
3. Selección de lotes de libros e material didáctico, según nivel, para as “mochilas viaxeiras” que os alumnos/as levan a casa para “ler en familia”.
4. Apertura da biblioteca nos recreos para préstamos e consultas, baixo a supervisión dun profesor de garda.
5. Programación de actividades para a “Hora de ler” que organizamos en conxunto para todo o alumnado en horario fixo de 12:15 a 12:35.

18. PAUTAS E CRITERIOS XERAIS SOBRE O USO DAS TAREFAS EXTRAESCOLARES

Seguindo o contido da LOMCE sobre este aspecto, á hora de asignar tarefas ao alumnado para realizar na casa terase en conta os seguintes criterios:

- 1.- O profesorado, por medio das entrevistas individuais coas familias, informaralles sobre o medio máis adecuado para colaborar no proceso de aprendizaxe dos seus fillos/as buscando, un compromiso asumido por ambas partes que favoreza o óptimo desenvolvemento do alumnado.
- 2.- Terá en conta os variados ritmos de aprendizaxe dentro da aula atendendo deste xeito á diversidade.
- 3.- Respetará os tempos de ocio do alumnado, para facilitar a conciliación da vida persoal e familiar.
- 4.- Fomentará a responsabilidade do alumnado con respecto da súa aprendizaxe, mostrándolle claramente os obxectivos que se pretenden acadar involucrando ao alumnado no seu logro, para facerlle consciente do valor do esforzo no desenvolvemento das súas capacidades.

- As tarefas extraescolares que o alumnado leva á súa casa serán: traballos de investigación ou búsqueda de información relacionada cos proxectos da aula ou do centro.

- Exercicios de repaso da materia traballada que sirvan para afianzar conceptos e respectarán o nivel do alumno.

19.ADDENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO

- LINGUA MATERNA PREDOMINANTE ENTRE O ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL

A lingua materna predominante entre o novo alumnado de Educación Infantil é o castelán.

- MODIFICACIÓNS NA IMPARTICIÓNS DE ÁREAS EN LINGUAS ESTRANXEIRAS

Nos cursos de 4º e 6º de EP decidiuse impartir como materia de Libre Configuración: “reforzamento de inglés”. Nesta sesión traballárase a oralidade da lingua inglesa a través do teatro, dramatizacións...

- INFORMACIÓN E VALORACIÓN DOS PROGRAMAS E ACTIVIDADES PARA O FOMENTO E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA NO CURSO ANTERIOR

A coordinación do EDLG cos equipos docentes, foi insuficiente, polo que consideramos que temos que favorecer o traballo conxunto a través das actividades colectivas do colexio facendo do galego a lingua fundamental de comunicación no centro.

De todos xeitos, hai que resaltar dentro das actividades de fomento da Lingua Galega aquelas que implicaron a interacción entre alumnado de distinto nivel, como: a lectura apadriñada, os xogos cooperativos no patio, e todas as festas e celebracións nas que os alumnos maiores orientaban e axudaban aos máis pequenos.

Nas actividades complementarias hai que sinalar a interesante oferta do Concello de Vigo a través do SNL.

20.ACTIVIDADES QUE SE VAN DESENVOLVER PARA O FOMENTO E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

PROGRAMAS E ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

- Realización e exposición de Xogos Populares galegos. Levaranse a cabo nas clases de Ed. Física e de Psicomotricidade.
- Celebración das festas e acontecementos da cultura galega: Vendima, Magosto, Letras Galegas...
- Colaborar con toda a comunidade educativa para a realización de diversas actividades en galego, relacionadas co lema do cole este ano, "Vivo Vigo con Leo".
- Participar no "Salón do libro de Pontevedra" cun libro feito entre todas as aulas sobre o tema deste ano.
- Celebración da semana das Letras Galegas con actividades variadas e tamén dar a coñecer o autor elixido para este ano a toda a comunidade educativa: vida, obra...
- Recuperar a figura da "Sobreira Faladeira", como personaxe que presenta as actividades do galego.
- Colaborar con outros colexios, con actividades de intercambio de contos, debuxos, información... en galego.
- Pedir no CEFORE de Vigo as maletas viaxeiras dispoñibles con material en galego.
- Realizar unha exposición de libros en galego, cada vez que se trate un tema no cole ou en cada celebración.
- Recompilación de todo o realizado en libros e na páxina web para a súa difusión.
- Este curso tentaremos que se volva a realizar a revista escolar, en formato dixital ou escrito.

Todas estas actividades realizaranse na medida do posible, así como tamén outras tendo en conta as necesidades e intereses do noso alumnado.

Coordinarse coa Dinamización de Biblioteca, eixo condutor das actividades que se realicen no centro e así conseguir un proxecto global. Coa dinamización de Convivencia, para que todos os lemas escritos e as súas exposicións sexan en galego. Con TICS, para aproveitar os recursos dispoñibles, actualizar a páxina web e así publicar as actividades, enlaces web interesantes para toda a comunidade educativa...

21. PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC

Para adaptar os diferentes deseños curriculares ao momento social, precisamos unha alfabetización dixital. A utilización básica do ordenador, o manexo dun procesador de textos e a procura guiada en Internet, contribúen de forma decisiva ao desenvolvemento da competencia dixital.

Neste curso 2015/16 preténdese:

- Desenvolver a competencia dixital do alumnado, procurando unha formación de usuario básica, traballando os contidos das áreas de Lingua Galega, Lingua Castelá e Coñecemento do Medio na sala de informática nunha sesión semanal.
- Seleccionar recursos educativos axeitados para cada materia, e así integrar as TICs nas programacións de aula, empregando as pizarras dixitais e libromedias.
- Manter actualizada a páxina web creando varias seccións e galerías que ilustran as saídas, actividades complementarias, celebracións ..., e o anuncio de diferentes eventos, concursos ...

22. GUÍA DE INTERVENCIÓN PARA A MELLORA, ELABORADA A PARTIR DA ANÁLISE DOS RESULTADOS DA AVALIACIÓN DE 3º EP

Recibidos os resultados da avaliación individualizada de 3ºEP 2014-15 informouse ás familia.

Estes resultados non son significativos xa que so unha alumna realizou as probas.

23. MECANISMOS DE SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PROGRAMA DE PLURILINGÜÍSMO

Ademais da propia avaliación que realizamos no centro o equipo de mestres de inglés, e incluímos na Memoria final do curso, cada ano cóbrese, tamén, a enquisa da Xunta de Avaliación do Plurilingüísmo e unha Memoria que se envían on-line ao Departamento de Linguas Estranxeiras.

En liñas xerais diremos que, dado o cambio que supón a lectoescritura para o alumnado de primeiro, o obxectivo principal, no inicio da primaria é basicamente que o alumnado afaga o oído á nova lingua, que se familiarice coas estruturas que se empregan a diario no normal desenvolvemento das tarefas cotiás, que recoñeza o vocabulario específico da materia e que pouquiño a pouquiño comece a introducir algunhas expresións en inglés nas súas rutinas.

Observamos que a aprendizaxe do idioma amosa resultados moi positivos. O feito de que o alumnado estea en contacto coa lingua estranxeira máis tempo, nótase ben na súa competencia lingüística. Podemos afirmar, despois destes cinco anos dende a implantación do Plurilingüismo no Centro, que o alumnado experimentou un avance importante nas súas competencias en lingua estranxeira.

24. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DA AUXILIAR DE CONVERSA

No que respecta aos auxiliares de conversa os mecanismos de seguimento e avaliación baséanse nas seguintes accións:

Confeccionar o seu horario de forma que a súa aportación a aprendizaxe como falante nativo sexa aproveitada polo maior número de alumnos e dun xeito o mais “rendible posible”, dándolle prioridade aos alumnos inmersos no programa.

O seu horario queda distribuído:

- Sesións con cada grupo de Educación Primaria e de Educación Infantil.
- Unha sesión de coordinación coas profesoras do programa, fundamental para a preparación das clases, materiais e a supervisión e avaliación continua do proceso de aprendizaxe e do desenvolvemento do programa en xeral.

Con respecto á proposta de mellora, recollida na memoria do pasado curso, referida á formación docente dos auxiliares de conversa, este curso si posúe formación axeitada aos niveis nos que vai incidir.

25. MECANISMOS DE SEGUIMIENTO do PLAN DE CONVIVENCIA

Comezamos este curso 2015-2016 analizando, revisando e adaptando ó plan de convivencia ao novo decreto 8/2015, do 8 de Xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de Xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar. Na disposición transitoria cuarta deste decreto, amosase que o prazo para esta adaptación é dun ano, Xaneiro do ano 2016.

O curso pasado, atendendo a disposición transitoria terceira do citado decreto, nomeáronse aos membros da comisión de convivencia. Este curso deberán revisarse pois varios destes membros xa non pertencen á nosa comunidade educativa.

A presente Programación Xeral anual, correspondente ao curso 2015/2016 foi presentada ao consello Escolar o día 27 de outubro de 2015 sendo aprobada por unanimidade

A SECRETARIA

Vº e Prace

A DIRECTORA

ANEXOS

I. CADRO DE ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA.

EDUCACIÓN INFANTIL	3 anos: ANA M ^a FERNÁNDEZ BENÍTEZ 4 anos: M ^a DOLORES PUGA PORTABALES (Coordinadora) 5 anos: CONCEPCIÓN MARTÍNEZ MARTÍ Educ. Infantil: LORENA ESTÉVEZ ÁLVAREZ
EQUIPO DE PRIMARIA.	1º : MERCEDES COSTELA SOBRINO 2º : MÓNICA RODRÍGUEZ CES 3º: LORENA FERNÁNDEZ OTERO 4º : M ^a PILAR RODRÍGUEZ ALONSO
	5º: M ^a TERESA PAHÍNO DOMÍNGUEZ 6º : JUAN LUÍS IGLESIAS FERRÓN
PROFESORES ESPECIALISTAS	Educ.Física: M ^a Teresa Pahíno Domínguez. Educ. Musical: Mariana Covelo Figueiredo. Pedagogía Terapéutica: Caridad Senra Gómez Audición e Linguaxe: Rosa Ana Vila da Vila Raquel Castro Álvarez Relixión: Beatriz Pérez Montero Inglés: Itz'iar Arenas Villarroel (coordinadora). Plurilingüismo: María Sendón Lestón Juan Luís Iglesias Ferrón
Dpto. Orientación	M ^a Isabel Juan Yenes
EQUIPO DIRECTIVO	<i>Directora:</i> Mercedes Costela Sobrino <i>Xefa de Estudos:</i> Mariana Covelo Figueiredo <i>Secretaria:</i> Caridad Senra Gómez

ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE :

EQUIPO EDUCACIÓN INFANTIL	3 anos: ANA M ^a FERNÁNDEZ BENÍTEZ 4 anos: M ^a DOLORES PUGA PORTABALES (Coordinadora) 5 anos: CONCEPCIÓN MARTÍNEZ MARTÍ Educ. Infantil: LORENA ESTÉVEZ ÁLVAREZ Lingua inglesa: MARÍA SENDÓN LESTÓN Educ. Musical: MARIANA COVELO FIGUEIREDO A.L.: ROSA ANA VILA DA VILA Relixión: BEATRIZ PÉREZ MONTERO
----------------------------------	---

EQUIPO ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	CARIDAD SENRA GÓMEZ (coordinadora) MARIANA COVELO FIGUEIREDO (xefa de estudos) MERCEDES COSTELA SOBRINO
EQUIPO DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA	ANA M ^a FERNÁNDEZ BENÍTEZ (coordinadora) MERCEDES COSTELA SOBRINO M ^a TERESA PAHÍNO DOMÍNGUEZ
DINAMIZACIÓN TICs	JUAN LUÍS IGLESIAS FERRÓN (coordinador) M ^a DOLORES PUGA PORTABALES MARIANA COVELO FIGUEIREDO
DINAMIZACIÓN BIBLIOTECA	MÓNICA RODRÍGUEZ CES (coordinadora) M ^a PILAR RODRÍGUEZ ALONSO CONCEPCIÓN MARTÍNEZ MARTÍ MARÍA SENDÓN LESTÓN LORENA FERNÁNDEZ OTERO CARIDAD SENRA GÓMEZ
DINAMIZACIÓN CONVIVENCIA	LORENA ESTÉVEZ ÁLVAREZ (coordinadora) ITZÍAR ARENAS VILLARROEL M ^a ISABEL JUAN YENES
COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓGICA	Claustro (ao desaparecer os ciclos, acordamos todo o claustro participa nesta comisión)

II. PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS.

CONSELLO ESCOLAR:

O Consello Escolar do Centro é o órgano a través do cal participa na súa xestión os distintos membros da comunidade educativa. Reunirase, unha vez ao trimestre, e ao remate del. Tamén sempre que o convoque a directora ou o solicite un tercio dos seus membros.

- O 27 de outubro para presenta e aprobar a programación Xeral Anual
- No mes de xaneiro para presentar e aprobar o estado de contas.
- No mes de xuño para presenta e aprobar a Memoria Anual.

COMPOSICIÓN 2015-16:

- DIRECTORA-PRESIDENTE:Dna. Mercedes Costela Sobrino
- XEFATURA DE ESTUDIOS:Dna. Mariana Covelo Figueiredo
- SECRETARIA:Dna. Caridad Senra Gómez

- SECTOR PROFESORADO

Dna. Ana M^a Fernández Benítez

Dna. Mónica Rodríguez Ces

Dna. M^a Pilar Rodríguez Alonso

Dna. Lorena Estévez Álvarez

Dna. Itzía Arenas Villarroel

- SECTOR NAIS-PAIS:

Dna. Diana Costas Fernández

Dna. M^a Belén Caride Iglesias

Dna. Fátima Lage Márquez

- REPRESENTANTE DA ANPA:

Dna. Luján Balín Nogueira

- SECTOR SERVICIOS

Dna. Jose Capelo Rodiño

- REPRESENTANTE DO CONCELLO DE VIGO:

D. Felipe Codesido Rodríguez

CLAUSTRO MESTRES:

Reunirase con carácter ordinario unha vez ao trimestre e en todas as ocasións en que se considere necesario. E con carácter extraordinario ao principio e ao final do curso. Completarase con xuntanzas previas do profesorado para levar os asuntos discutidos. Faranse as xuntanzas informativas que sexan necesarias e as que demanden os membros do claustro.

III. PLAN DE ACTUACION DO EQUIPO DIRECTIVO

Manterán reunións diarias, así como os martes pola tarde e en cantas ocasións sexa preciso para organizar a boa marcha do Centro.

Encargarase de:

- Relacionarse co Concello e os organismos da administración educativa para mellorar a dotación e as instalacións do centro.
- Atender ao público nas horas de oficina.
- Fomentar as relacións coa ANPA e outras asociacións do concello.
- Divulgar entre a comunidade educativa e xestionar, no seu caso, as axudas que se ofrezan por parte da Consellería, do Ministerio de Educación, do Concello...
- Relacionarse con outros colexios do concello e da zona.
- Potenciar o traballo en grupo do profesorado.
- Animar a proxectos de formación ao profesorado.
- Elaborar un proxecto de orzamento.
- Supervisar as actividades extraescolares, comedor escolar e transporte.
-

IV. XORNADA ESCOLAR E HORARIO DO CENTRO

CALENDARIO ESCOLAR 2015-2016

O calendario escolar está fixado na *ORDE do 8 de xuño de 2015 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2015/2016, nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.*

As clases comezan o día 10 de setembro de 2015 e rematarán o 22 de xuño de 2016, ambos os dous inclusive.

ACTIVIDADES LECTIVAS	10 SETEMBRO Ó 21 XUÑO	
PERÍODO NON LECTIVO	Nadal	19 decembro ó 6 xaneiro
	Entroido	8,9 e 10 febreiro
	Semana Santa	19 ao 28 de marzo
FESTIVOS	Día do ensino	30 de outubro
	Todos os santos	1 novembro
	Inmaculada	8 de decembro
	Letras galegas	17 de maio
	Días non lectivos	Elixido polo claustro

XORNADA ESCOLAR

– As actividades lectivas desenvólvense de luns a venres, durante cinco horas diarias, en sesión continuada.

– Setembro a Xuño: 9:15h a 14:15h.

– Recreo: Educ.Infantil e Educ.Primaria, de 11:45 a 12:15 h.

1ª sesión	9:15 ás 10:05h.
2ª sesión	10:05 ás 10:55h.
3ª sesión	10:55 ás 11:45h.
Recreo	11:45 ás 12:15h.
Lectura	12:15 ás 12:35h.
4ª sesión	12:35 ás 13:25h.
5ª sesión	13:25 ás 14:15h.

O período de adaptación do alumnado de educación infantil que se incorpora por primeira vez ao centro, terá a mínima duración posible que permita acadar os seus obxectivos e, en todo caso, non se poderá prolongar mais de 10 días lectivos.

Xoves 10 e venres 11: Grupo A de 9,30 a 11,30 e Grupo B de 12,00 a 14,00

Luns 14 ata venres 18: Grupo A e Grupo B de 9,30 a 12,30

Luns 21 a mércores 23: Grupo A e Grupo B de 9,30 a 13,30

Comezan o día 10 con dúas horas de clase, organizados en dous grupos A e B, que progresivamente se van ampliando ata o xoves 24 en que todo o alumnado ten horario completo 9,10 a 14,15h.

Quendas de permanencia do profesorado polas tardes no centro.

- Segundo dita a normativa vixente fíxanse quendas de permanencia pola tarde (16,00 a 18,00h.) no Centro para o profesorado, asignándoselle a cadaquén un día da semana.

- Os listados correspondentes expóñense na Sala de Profesores para coñecemento e control polos mesmos.

Quendas vixilancia do alumnado transportado

- En virtude da orde de 23 de Xuño de 2011, establécese unha quenda de vixilancia do alumnado transportado a partir das 09.00 horas e ata a hora de entrada e dende as 14.15 horas ata a saída do transporte escolar do recinto do Centro.

V. QUENDAS DE VIXIANCIA DE RECREO

Inf.

Primaria

LUNS	Conchi,	Lorena F., Pili
MARTES.....	Ana,	Teté, Juan
MÉRCORES.....	María,	Mercedes, Itziar
XOVES.....	Lorena E.,	Cari, Maribel
VENRES.....	Loli,	Mónica, Mariana

- As distintas zonas de atención serán distribuídas segundo o criterio do equipo de vixilancia.
- Establécense dúas quendas rotativas de vixilancia para cumprir coas ratios. Unha no patio de educ. infantil e outra para o cuberto de educ. Primaria e corredor do xadrez e da biblioteca. De xeito que son cinco as mestras en total no recreo.
- Durante todo horario lectivo as portas exteriores do colexio permanecerán pechadas.

VI. PROGRAMACIÓN E CALENDARIO de REUNIÓN DOS ÓRGANOS DE GOBERNO e COORDINACIÓN DOCENTE

Setembro	Mércores 2 Reunión Xeral	Venres 4 Claustro Extraordinario	Martes 8 Familias Infantil	Martes 15 CCP Dinamizacións	Martes 22 Familias Primaria	Martes 29 Equipos Etapa
Outubro		Martes 6 Activ. Complement	Martes 13 Claustro / Consello	Martes 20 Reunión Xeral Reunión CCP.	Martes 27 Dinamizacións	
Novembro	Martes 3 Reunión Xeral Equipos Etapa	Martes 10 Reunión Xeral Reunión CCP	Martes 17 Reunión Xeral Dinamizacións	Martes 24 Activ. Complement		
Decembro	Martes 1 Reunión Xeral Equipos Etapa	Martes 8 Non Lectivo	Luns 14 Avaliacións	Martes 15 Avaliacións	Venres 18 Festival Nadal	
Xaneiro	Martes 5 Nadal	Martes 12 Reunión Xeral Reunión CCP	Martes 19 Claustro/ C Escolar	Martes 26 Reunión Xeral Dinamizacións	Venres 29 PAZ	

Febreiro	Martes 2 Reunión Xeral Equipos Etapa	Martes 9 <i>Entroido</i>	Martes 16 Reunión Xeral Reunión CCP	Martes 23 Act. Complem. Dinamizacións		
Marzo	Martes 1 Reunión Xeral Equipos Etapa	Martes 8 Claustro/Con- sello Escolar	. Luns 14 Avaliacións	Martes 15 Avaliacións	Martes 22 <i>Semana Santa</i>	Martes 29 Reunión Xeral Dinamizacións
Abril		Martes 5 Reunión Xeral Equipos Etapa	Martes 12 Reunión Xeral Reunión CCP	Martes 19 Reunión Xeral Dinamizacións	Martes 26 Activ. Complem.	
Maio	Martes 3 Reunión Xeral Equipos Etapa	Martes 10 Reunión Xeral Reunión CCP	Martes 17 Reunión Xeral Dinamizacións	Martes 24 Activ. Complement.	Martes 31 Reunión Xeral	
Xuño	Martes 7 Reunión Xeral Equipos Etapa	Luns 13 Martes 14 Avaliacións	Martes 21 Reunión Xeral	Mércores 22 FIN DE CURSO	Martes 28 Memoria	Xoves 30 Claustro Consello Escolar

VII. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN EN VIXENCIA

INTRODUCCIÓN

A orde de 13 de novembro de 1984 sobre evacuación de centros docentes de Educación Infantil, Primaria, Bacharelato e Formación Profesional, pretende co plan xeral de emerxencia e normas de evacuación asegurar que podemos enfrontarnos a calquera risco en óptimas condicións.

Establécese un triple obxectivo:

- Ensinar ao alumnado a conducirse axeitadamente en situacións de emerxencia.
- Coñecer as condicións do edificio no que se aloxan en orde á súa evacuación.
- Mentalizar ao alumnado, pais e mestres da importancia da seguridade.

DETECCIÓN DE RISCOS

Podemos afirmar que o edificio resulta seguro, se ben presenta algúns aspectos que convén ter presentes como máis conflitivos no que atinxe á seguridade.


A protección do Centro contemplámola en dous apartados diferentes:

1.- En relación á protección e bo estado de todo o material e instalacións do Centro así como do coidado do entorno.


2.- Protección das persoas, profesores, alumnado, pais, persoal non docente... en casos de incendio ou traxedia.

Contamos cunha alarma conectada coa central e as portas, cando o Centro está sen actividade, permanecen completamente pechadas.


En caso de incendios o Centro conta con extintores en todos os andares supervisados e controlados periodicamente pola empresa VISE.




Colexio Sobreira: Piso Bajo



Colexio Sobreira: Segundo Piso



Colexio Sobreira: Tercer Piso



PLANO DE EVACUACIÓN

- **Localización e equipamento das caixas de urxencias e alarma incendios.**

Na pranta baixa.

- **Recomendacións de protección civil para emerxencias en centros escolares da zona.**

- **Considérase emerxencia**, cando existen danos que poidan pór en perigo, a seguridade das persoas ou das cousas, por exemplo; incendio, explosión, terremoto, etc...

- **Considérese alerta**, a prevención dun inminente mal maior, ou prevención contra o perigo, que de se executar sería unha emerxencia, por exemplo; aviso de bomba, fenda nun muro, e que nas súas proximidades circulan as persoas, etc.

- Tanto no caso de emerxencia como de alerta farase soar a alarma específica instalada ao efecto en Secretaría.

Todos os cursos levamos a cabo un simulacro para poñer en práctica o plan.

INSTRUCCIÓN PARA CASOS DE EVACUACIÓN DO CENTRO

No caso de producirse unha emerxencia, o centro pode ser desaloxado polas DÚAS escaleiras:

ESCALEIRA A (ou dereita) e ESCALEIRA B (ou esquerda)

PROTOCOLO DE EVACUACIÓN:

- 1ª Cando se produza unha alerta ou emerxencia, informarase axiña á Dirección do Centro que xa ten instrucións.
- 2ª Cando se produza unha alerta o emerxencia, deberán cortarse as conducións de electricidade e demais combustibles, con obxecto de evitar incrementar os danos. De isto encargárase unha persoa responsable do Centro (directora, secretaria, xefa de estudos ou porteiro-vixiante).
- 3ª Tanto no caso de emerxencia como de alerta farase soar a alarma específica repetidas veces e de xeito seguido.
- 4ª Cando soen as alarmas, abandonaranse todas as actividades, deixando libros, e demais material na aula correspondente, tomando soamente a roupa de abrigo, e abandonando o lugar o mais rapidamente posible pero ordenadamente e sen atropelar ó resto do colectivo, o último en saír deberá ser o responsable do aula, (normalmente o profesor) o cal ocupárase de que queden as ventás, e a porta pechadas, para evitar a entrada de aire, e asegurárase de que non quede ninguén dentro da mesma.
- 5ª A saída farase seguindo o plan de evacuación fixado.
O alumnado que se atope na primeira planta pola escaleira A, dereita, e sairán pola porta dereita. E o alumnado que se atope na segunda planta pola escaleira B, esquerda, saíndo pola porta esquerda.
- 6ª O porteiro-vixiante encargárase de abrir as portas inmediatamente a que soen as alarmas.
- 7ª Durante a evacuación todos sairán arrimados, o mais posible, ás paredes, e no caso de escaleiras o máis alonxados do pasamáns.
- 8ª Acudirán ao punto de reunión que teñan establecido no que a persoa responsable, (normalmente o profesor) pasará lista, con obxecto de saber si falta alguén ou non.
- 9ª O alumnado pode auxiliar a outros compañeiros, sempre que non teñan que voltar atrás, ou arriscarse a quedar bloqueados na zona de emerxencia.
-

- 10ª Un mestre encargado en cada andar encargárase de revisar que non quede ninguén en ningunha dependencia (aulas, baños...). A persoa encargada do 2º andar será a titora de 6º, se non se atopa será a mestra de PT. A encargada do 1º andar será a titora de 2º, se non se atopa será a orientadora.
- 11ª Cando cheguen os servizos de Protección Civil, prestaranlle axuda, dándolles toda a información que precisen.

EQUIPOS DO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

- **XIE** (Xefe de Intervención e Emerxencia): Mercedes Costela Sobrino
- **EPI** (Equipo de Primeira Intervención): Mª Dolores Puga, Mónica Rodríguez, Lorena Fernández e Juan Luís Iglesias.
- **ESI** (Equipo de Segunda Intervención): titoras - Concepción Martínez, Lorena Estévez, Pilar Rodríguez
- **EPA** (Equipo de Primeiros Auxilios): especialistas - Itzía Arenas, Teresa Pahíno, Ana Fernández.
- **EAE** (Equipo de Alarma e Evacuación): Mariana Covelo, María Sendón, José R. Capelo.
- **EAAD** (Equipo de Axuda ao Alumnado con Discapacidade): Maribel Juan, Caridad Senra, Rosa Ana Vila.

Todos estos equipos son renovados anualmente.

CONTROL DE PERSOAS QUE ACCEDEN AO CENTRO

Durante o horario lectivo non se poderá acceder ás aulas e outros espazos, incluíndo corredores, sen a debida autorización.

PROTECCIÓN DO ALUMNADO

O alumnado só poderá abandonar o Centro durante o horario escolar co permiso da Directora, ou persoa en quen delegue (mestre de garda), e sempre que sexa a cargo da nai, do pai, titor legal, ou persoa debidamente autorizada, que deberá cubrir o rexistro de saída que para tal efecto hai na Secretaría do Centro.

- Consideramos que este PLAN DE AUTOPROTECCIÓN ESCOLAR debería estar feito / REVISADO / ASESORADO e asinado por Técnicos/Especialistas da Xunta de Galicia e/ou do Concello e non redactado polo propio Centro.
- O Centro está dotado de portas con ferraxes antipánico nas entradas principias e saídas e de extintores nas distintas plantas.